



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1701/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de XUÑO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e corenta e cinco minutos do día vinte e un de xuño de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(472).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(473).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DO SISTEMA DE VENTA DE ENTRADAS E CONTROL DE ACCESOS PARA EVENTOS DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”. EXPTE. 10136/335.

Visto o informe de fiscalización de data 21/06/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa “Vigo en Festas” (10136-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa “Vigo en Festas” (10136-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do servizo de Festas.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 19 de abril de 2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 19 de abril de 2024 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 77.056,88 €, sendo o valor estimado do contrato de 334.035, 59 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” e as seguintes anualidades:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1701/1102

➤ ano 2024: 77.056,88 €

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 10 de xuño de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de xuño de 2024, de OVEJERO SEQUEIRO, S.L., MANANTIAL DE IDEAS S.L, e de PREMIUMCOVER S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I -FEC- do PCAP (“Fíxase un umbral mínimo de puntuación de 20 puntos. Os licitadores que non acaden un mínimo de 20 puntos neste criterio serán excluídos por considerarse que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa “Vigo en Festas” (10136-335) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|--------------------------|------------------|
| 1 | THE TICKET COMPANY, S.L. | 87,00 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, THE TICKET COMPANY, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, THE TICKET COMPANY, S.L., o día 10 de xuño, que presenta a documentación requirida, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución e de ampliación de capital da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.

- A escritura de constitución e os estatutos da mercantil que aporta solvencia xunto coa escritura de apoderamento e o DNI do seu representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (233.824,92 €), presentan as contas do ano 2022 da licitadora e da mercantil que aporta a solvencia nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (53.939,82 €), presentan certificado de boa execución nos que o importe do ano 2023 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención da garantía no prezo do contrato.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 21 de xuño de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar THE TICKET COMPANY, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por THE TICKET COMPANY, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 5 de xuño de 2024 e o acordo da Mesa de Contratación, de data 10 de xuño de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliada a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1701/1102

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de xuño de 2024, de OVEJERO SEQUEIRO, S.L., MANANTIAL DE IDEAS S.L, e de PREMIUMCOVER S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I -FEC- do PCAP (“Fíxase un umbral mínimo de puntuación de 20 puntos. Os licitadores que non acaden un mínimo de 20 puntos neste criterio serán excluídos por considerarse que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.”).*
2. *Adxudicar a THE TICKET COMPANY, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa “Vigo en Festas” (10136-335) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 77.056,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.373,51 euros.*
 - b) *A porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC é do QUINCE POR CENTO (15,00 %)*
 - c) *O incremento do número mínimo de lectores PDA de validación de entradas establecido no apartado 6.3.3 do PPTP para todos os eventos é de TRES UNIDADES (3) de lectores PDA.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(474).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3891/321.

Visto o informe xurídico de data 20/06/2024 e o informe de fiscalización do 21/06/2024, sométese a aprobación a proposta do 17/06/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución asinada polo Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Distritos en data 9 de abril de 2024 e polo concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 11 de abril de 2024 autorizouse o inicio do expediente de CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Distritos en data 9 de abril de 2024, e polo concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 11 de abril de 2024.
2. Memoria económica do contrato asinada pola técnica de Administración Xeral en data 6 de xuño de 2024, polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e polo concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 7 de xuño de 2024.
3. Certificado de existencia de crédito do 6/05/2024 (RC núm. Operación 12024000080561, (RCFUT núm. Operación 12024000080564).
4. Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares asinada pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 6/05/2024.
5. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato asinado pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 6/05/2024.
6. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e polo concelleiro de Área de Goberno de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1701/1102

Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 13/06/2024.

7. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos, de data 13/06/2024.
8. Prego de cláusulas administrativas asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos, de data 17/06/2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023, polo que mediante sinatura do concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos de data 9/04/2024 e do concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais de data 11/04/2024, se autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto de tramitación ordinaria.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

De acordo ás anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (3891/321) por procedemento aberto de tramitación ordinaria do “SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO”.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 6 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas de 17 de xuño de 2024, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO”.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 447.636,04 € para a contratación do “SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO”, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904 “AT. O PÚBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS ” do orzamento do concello de Vigo, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, distribuídos do xeito seguinte:

Parte fixa do contrato:

Parte fixa: 418.581,52 €

| Anualidades | Importe |
|--------------------|---------------------|
| Ano 2024 | 52.322,69 € |
| Ano 2025 | 209.290,76 € |
| Ano 2026 | 156.968,07 € |
| total | 418.581,52 € |

Parte variable do contrato:

| Anualidades | Importe |
|--------------------|--------------------|
| Ano 2024 | 3.631,82 € |
| Ano 2025 | 14.527,26 € |
| Ano 2026 | 10.895,45 € |
| total | 29.054,52 € |

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás doce horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF

me/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1701/1102

Abel Caballero Álvarez